

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL FACULTADE DE DEREITO

Informe Final 2018-2019

Informe final 2018-2019



Plan de Acción Titorial

Facultade de Dereito (Ourense)

Presentación

O Plan de Acción Titorial configúrase como un documento-marco que ten como finalidade guiar e motivar a institucionalización e sistematización de Plans de Acción Titorial nos centros da Universidade de Vigo, dando resposta así as esixencias impostas polo Espazo Europeo de Educación Superior e responde á implantación do «DO-0203 P1: procedemento: orientación ao estudiantado», que constitúe en si mesmo o rexistro R1-DO0203 P1 deste. Trátase dun documento vivo que será revisado e actualizado de acordo coas necesidades e prioridades da facultade.

Neste documento se presenta a valoración global das accións realizadas. Se analiza o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan do curso seguinte.

O PAT, elaborado e aprobado o 17 de outubro de 2014 pola Xunta de Facultade, recolle o seguinte:

1. Establecese a figura do alumno-titor, desenvolvida por alumnos dos últimos cursos do Grado (3º curso / 4º curso). A súa función será facilitar a integración do alumnado de novo ingreso na vida académica, informarles das actividades, servizos, iniciativas, programas... ofertados que poidan ser do seu interese, participar no curso cero, colaborar activamente nas reunións que planifique o profesorado titor e colaborar na realización dos informes finais do PAT e nas enquisas de satisfacción.
2. Entre as actuacións de apoio e seguimento que se prevé que realice o titor, establécese a obriga de programar, polo menos, dúas reunións anuais co seu grupo de estudantes a iniciativa do propio titor:
 - unha inicial para toma de contacto e detección de necesidades especiais
 - outra de seguimento, cando o curso estea máis avanzado, para o seguimento dos estudantes titorizados.

Prevese tamén a posibilidade doutras reunións, a petición do alumnado.

Cumprimento da planificación e seguimento do PAT

BLOQUE 1: Accións de organización e Acolida

1. En la última quincena de xullo de 2018: enviouse un email os alumnos que cursarán 3º e 4º do Grado e 5º do PCEO no curso 18/19 solicitando a súa colaboración para participar no PAT como alumnos-titores.
2. O 4 de setembro de 2018 celebrouse na Facultade de Dereito o curso 0: **INTRODUCCIÓN AOS ESTUDOS DE DEREITO** dirixido os alumnos de Grao e do programa conxunto ADE-Dereito. Os **obxectivos** que persigue este curso son:
 - a. Facilitar ao alumnado o tránsito dende o ensino de secundaria ao ensino universitario.
 - b. Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.
 - c. Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
3. O 27 de setembro de 2018 publicouse na web do centro o anexo I do PAT coa asignación de alumnos a profesores.titores/alumnos.titores para o curso 18/19.
4. Sesión Informativa e de presentación (setembro-outubro): O 27 de setembro de 2018, dende a coordinación, enviouse un email os titores do PAT solicitando que se convocase una primeira reunión con alumnos titorizados para a toma de contacto e detección de necesidades especiais. No PAT contemplase a figura do alumnado titor (pertencente os cursos superiores da titulación) que ten como funcións: facilitar a integración do alumnado de novo ingreso na vida académica, informarles das actividades, servizos, iniciativas, programas... ofertados que poidan ser do seu interese, participar no curso cero, colaborar activamente nas reunións que planifique o profesorado titor e colaborar na realización dos informes finais do PAT e nas enquisas de satisfacción. Polo tanto, tamén se pediu os titores que convocasen a dita reunión tamén o alumnado titor que tivese asignado. Todos os titores enviaron copia do email onde convocaban os seus alumnos a esta primeira reunión. Neste curso, mantívose o número de alumnos asistentes a esta primeira reunión en relación ao curso pasado.
5. O 2 de outubro de 2018, dende a coordinación enviouse un email aos estudantes titores para intentar fixar unha data para celebrar unha reunión coa idea de analizar as funcións do estudantado titor. Ao non poder concretar unha data onde poidan asistir tódolos estudantes, envióuselles un email coa información.

BLOQUE 2: Apoio e Seguimento

1. O 21 de xaneiro de 2019 enviouse un email os titores do PAT solicitando que se convocase una reunión para o seguimento dos estudantes titorizados.
O número de alumnos titorizados que asistiu as reunións segue sendo moi baixo.
2. O 21 de xaneiro de 2019, de 13:00 h a 14:30 h, organizouse o curso 3.5, fundamentalmente destinado a alumnos de terceiro curso do Grado de Dereito. Os obxectivos deste curso son:
 - a. Facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de máster e o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral.
 - b. Presentar o alumnado de terceiro curso información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de grao: TFG, posibilidades de obter una mención no título, etc..
 - c. Dar a coñecer o alumnado os recursos e ferramentas que . teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

Os temas abordados foron os seguintes:

- a. Prácticas extracurriculares e emprego. D.^a Sandra Morales. FUVI.
- b. A optatividade e a estrutura en Mencións. Prof.^a Dra. Marta Fernández Prieto. Decana da Facultade de Dereito.
- c. A organización da materia optativa Prácticas externas. Prof.^a Dra. Susana Álvarez González. Coordinadora da materia Prácticas externas do Grao en Dereito.
- d. O Traballo fin de grao. Prof.^a Dra. Marta Fernández Prieto. Decana da Facultade de Dereito.
- e. A mobilidade do estudantado no estranxeiro. Prof.^a Dra. M.^a Belén Sánchez Ramos. Coordinadora de Relacións Internacionais da Facultade de Dereito.
- f. Estudos de posgrao e saídas profesionais: o Máster universitario en avogacía. Prof.^a Dra. M^a Dolores Fernández Fustes. Coordinadora do Máster universitario en avogacía da Facultade de Dereito.

BLOQUE 3: Avaliación e Análise de Resultados:

1. O 27 de maio de 2019, dende a coordinación enviouse un email ós titores do PAT e ós estudantes titores solicitando que cumprimentasen o anexo "IV-B: Cuestionario final de satisfacción do titor/a" a través dun cuestionario online para garantir o anonimato. Tamén se solicita o profesorado que, se aínda non enviaron á coordinadora os anexos II e III das dúas reunións mantidas o longo do curso, os envíen para poder realizar o informe final do PAT deste curso. Dos setes titores e sete estudantes titores que participaron no PAT, tan so seis contestaron ao cuestionario, obtendo os seguintes resultados:
 - o 3 dos titores/estudantes titores celebraron unha reunión individual con algún dos seus estudantes.

- o Cinco, das seis persoas que contestaron á enquisa, consideran que **a documentación e a información previa ofrecida polo equipo coordinador do PAT é suficiente**.
 - o Todos consideran que **a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT é boa ou moi boa**.
 - o Todos consideran que **a carga de traballo que lle supón o seguimento do PAT é moi pouca e que as datas establecidas para as distintas actividades, a metodoloxía empregada e o sistema de seguimento foron axeitados**.
 - o O 67% considera que **o grao de utilidade do PAT de acordo coas experiencias co estudiantado é pouco**, mentras que un 17% considera que non ten ningunha utilidade e outro 17% considera que é bastante útil.
 - o Ante a pregunta “Que eliminaría do PAT?”, unha das persoas encuestadas contestou: **“Eliminaría as sesións presenciais co alumnado”**.
 - o Ante a pregunta “Que engadiría?” obtivéronse tres respostas:
 - **Engadiría unha aplicación a través de Faitic coa que os alumnos puideran remitir dúbidas e que foran individualmente tratados**.
 - **Quizá sería convinte analizar a forma de garantir o anonimato do estudiantado que formula algunha queixa para favorecer a comunicación co tutor**.
 - Se ben as listas definitivas de alumnado non están dispoñibles ata un par de meses despois de comezar o curso, **o PAT solo vai ser útil de verdade cando se poida realizar nos primeiros días ou como moito semanas de comezar o curso**, que é cando os alumnos se atopan máis perdidos. Os alumnos que participamos no PAT observamos que os alumnos de primeiro curso xa tiveron que enfrentarse sen a nosa axuda aos problemas de adaptación á universidade. Entendo que é complicado organizalo con máis antelación, pero é a única maneira de que este programa gañe en utilidade.
2. O 27 de maio de 2019 tamén se enviou un email os alumnos titorizados solicitando que cumprimentasen o anexo “IV-A: Cuestionario final de satisfacción do alumnado” través dun cuestionario online para garantir o anonimato. Tan só catro estudantes respostaron, obtendo os seguintes resultados:
- o **A metade dos estudantes consideran que a documentación e a información previa ofrecida do PAT é suficiente mentras a outra metade considera que é insuficiente**.
 - o **A metade dos estudantes consideran que a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT é boa mentras que a outra metade considera que é mala**.
 - o Ante a pregunta “En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?”, **o 50% considera que pouco**, o 25% bastante e o 25% moito.

- o **A metade dos estudantes consideran que o grao de utilidade do PAT é pouco mentras que a outra metade considera que é bastante útil.**
- o **O 75% considera que as datas establecidas para as distintas actividades e o sistema de seguimento foron axeitados.**
- o Ante a pregunta “Que eliminaría do PAT?” tan só un encuestado contestou que non eliminaría nada. Do resto de encuestados non se obtivo resposta.
- o Un dos encuestados indica que **engadiría un maior poder de decisión do alumnado nas cuestións da docencia que o incumben así como engadir distintos formularios, por exemplo, onde expresar mellor a opinión sobre cada profesor.**

Tras analizar os Anexos III das distintas reunións mantidas entre os profesores titores e os alumnos titorizados, pódese concluír que a meirande parte dos temas prantexados son relativos a dudas sobre o desenvolvemento da docencia.

Melloras a introducir para o curso 2019-2020

Tras analizar as respostas recollidas nos cuestionarios de satisfacción remitidos ao profesorado, estudantes titores e alumnado, prantéxase a seguinte:

- Analizar, dentro do seo da Comisión de Calidade as peticións recollidas nos cuestionarios de satisfacción do PAT (e que se indican a continuación) dado que dende a coordinación se considera que xa estarían cubertas coa utilización do buzón de queixas, suxestións e parabéns ou coa posibilidade de comunicarse co titor ou estudante titor a través do email:
 - o Engadir unha aplicación a través de Faitic coa que os alumnos puideran remitir dúbidas e que foran individualmente tratados.
 - o Analizar a forma de garantir o anonimato do estudantado que formula algunha queixa para favorecer a comunicación co titor.
 - o Engadir un maior poder de decisión do alumnado nas cuestións da docencia que o incumben así como engadir distintos formularios, por exemplo, onde expresar mellor a opinión sobre cada profesor.

Validado pola Comisión de Calidade o día 17 de decembro de 2019 e aprobado pola Comisión Permanente o día 18 de decembro de 2019.

Ourense, 11/12/2019

Asdo: Lourdes Borrajo Diz